

Estimado Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Conselleira de Traballo e Benestar. Dona Beatriz Mato.

Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo. Dona Lucía Emilia Molares Pérez

A Rede Social Galicia Sur é unha plataforma que aglutina a máis de 20 organizacións de Vigo e bisbarra que traballan tanto nos países do Sur como en Galicia pola xustiza social e por acadar un mundo máis xusto, equitativo e sostible para toda a cidadanía.

Ante a nova responsabilidade asumida fronte ao Goberno da Xunta de Galicia os colectivos abaixo asinantes en nome da Rede Social Galicia Sur diríxense a vostedes para desexarlles unha xestión o máis eficaz e proveitosa posible en relación coas causas e obxectivos que defendemos en beneficio dos intereses da poboación máis empobrecida, un obxectivo que, sen dúbida, vostedes comparten.

Desexamos recordarlles a importancia que ten a loita pendente polo senfogarismo en Galicia e a clamorosa ausencia de dispositivos públicos que ofrezan unha resposta axeitada ás necesidades que esta problemática formula.

Na cidade de Vigo a Xunta de Galicia está a desenvolver a creación dun Centro de Emerxencia Social no edificio do Fogar San Paio - "Gota de Leite". Solicitamos que se aceleren os prazos de execución da obra e que se inicie a actividade ao servizo da cidadanía de Vigo canto antes.

Para o cal solicitamos unha entrevista con carácter de urxencia para poder abordar esta cuestión con intención de colaborar no cumprimento e execución o antes posible da posta en marcha do Centro de Emerxencia Social da Xunta de Galicia na cidade de Vigo.

Ás organizacións que formamos parte da Rede Social Galicia Sur e que apoiamos este comunicado somos:

Amarante, Aida, Axuda en Acción, Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Comité Oscar Romero, Dar Máis, Educación Sen fronteiras, Emaús Fundación Social, Entreculturas, Enxeñería sen fronteiras, Fundación Balms, Fundación Jóvenes y Desarrollo, Fundación Proclade, Fundación Secretariado Xitano, Grupo VIH/SIDA e adiccions "O Imán"- Sereos, Implicad@s no desenvolvemento, Intermón Oxfam, Médicos do Mundo, MunDos Cooperativa de Comercio Xusto, Seminario Galego de Educación para a Paz, Solidariedade Internacional, Solidarios para o desenvolvemento, Taller de Solidariedade e Verdegaia.